



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

FICHA DE AXUDA

ENTIDADE (Código da ficha)

IGAP194 - IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

PLAN REMÓVETE 2010 - AXUDAS A PEMES E PARTICULARES PARA RENOVACIÓN DE AUTOMÓBILES

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Incentivar a modernización de vehículos nas pemes e autónomos e aos particulares.

3. TIPOS DE APOIO

Axudas a fondo perdido para a adquisición de vehículos.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

Poderán ser beneficiarios das axudas:

- a) Persoas físicas con residencia en Galicia á data de adquisición do vehículo obxecto das axudas.
- b) Autónomos e pemes que cumpran os requisitos de pequena e mediana empresa según Regulamento 800/2008 domiciliadas ou con algún centro de actividade en Galicia á data de adquisición do vehículo obxecto das axudas.

5. SECTORES INCENTIVABLES

Todos

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

Serán subvencionables as operacións de compravenda de vehículos nunha entidade colaboradora formalizadas desde o día 1 de agosto de 2010 ata o 15 de decembro de 2010 ou, en todo caso, ata o esgotamento do orzamento asignado, nas que os compradores cumpran as seguintes condicións:

• Para pemes e autónomos:

- a) Adquirir un vehículo novo ou matriculado orixinalmente en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría M1 (emisións de CO2 non superiores a 149gr/Km) e cun custo non superior a 30.000 €.
- b) Ou ben un vehículo comercial lixeiro novo ou matriculado en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría N1, con Masa Máxima Autorizada non superior a 3.5 Tm. e pouco contaminante (emisión non superior a 160 g/km de CO2) e cun custo non superior a 30.000 €. O vehículo adquirido deberá matricularse en Galicia.
- c) Entregar para achatarramento un vehículo antigo, con antigüidade superior a 10 anos ou máis de 250.000 kms, propiedade da empresa ou autónomo

d) Achegar para adquisición do vehículo unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

• Para persoas físicas:

a) Adquirir un turismo novo ou matriculado orixinalmente en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría M1 pouco contaminante (emisión non superior a 149 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €.

b) Ou ben un vehículo comercial lixeiro novo ou matriculado en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría N1, con Masa Máxima Autorizada non superior a 3.5 Tm. e pouco contaminante (emisión non superior a 160 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €. O vehículo adquirido deberá matricularse en Galicia.

c) Entregar para achatarramento un vehículo antigo, con antigüidade superior a 10 anos ou máis de 250.000 kms., propiedade da persoa que realiza a compravenda.

Non serán subvencionables as operacións de substitución de vehículos que puideran levar a cabo os propios establecementos de venda de vehículos, para automatriculación ou con calquera outro fin.

Salvo nos casos de adquisicións e achatarramento de vehículos comprendidas entre o 1 de agosto de 2010 e a entrada en vigor destas bases, OS BENEFICIARIOS NON PODERÁN ACHATARRAR O VEHÍCULO ANTIGO NIN ADQUIRIR O VEHÍCULO OBXECTO DA AXUDA PREVIAMENTE Á PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDA POLA ENTIDADE COLABORADORA NO IGAPE.

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

-

8. INVESTIMENTOS E/OU GASTOS COMPUTABLES

Os vehículos a adquirir serán novos ou usados ata dous anos de antigüidade da categoría M1 ou da categoría N1, matriculado en Galicia e que o prezo de non supere os 30.000 €.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

A contía das axudas non excederá do 20% dos custos subvencionables para o caso de pequenas empresas e do 10% para o caso de medianas empresas, sen que en ningún caso superen:

- a) 500 € na adquisición dun turismo M1 cuxo custo non alcance os 10.000€, IVE engadido
- b) 700 € cando o turismo M1 a adquirir teña un custo entre 10.000 e 30.000€, IVE engadido
- c) 1.000 € na adquisición dun vehículo categoría N1, salvo no caso indicado no epígrafe seguinte.
- d) 1.500 € cando o vehículo a adquirir sexa un vehículo categoría N1, e sexa adquirido por unha PEME ou autónomo cuxa actividade principal se desenvolva nos sectores da pesca, agroindustrial, téxtil - confección, naval e industria auxiliar, transformación da madeira, rochas ornamentais, audiovisual ou turismo. (Os epígrafes correspondentes son os listados no anexo IV, as empresas que acrediten mediante alta no IAE algunha destas actividades, deberán ter sido dadas de alta na mesma con anterioridade ao 1 de agosto de 2010).

Para o cómputo do custo do automóbil incluírase a base impositiva e o IVE, pero non a axuda do Igape nin outras axudas de organismos ou institucións públicas ou privadas establecidas no Real Decreto 898/2009 do 22 de maio.

10. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes comezará aos sete días naturais desde a publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia (no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte) e rematará o 15 de decembro de 2010.

11. INCOMPATIBILIDADES

No caso de que algún organismo ou institución estatal aportase unha cantidade adicional para o mesmo plan, esta sería compatible coas axudas aquí establecidas coa condición, no caso de pemes e autónomos, que a axuda acumulada non supere o 50% do custo total do vehículo que se vai adquirir.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

Resolución do 27 de xuño de 2010 (DOG Nº147 do 03/08/2010) - Bases reguladoras Plan Remóvete 2010

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

Información: Instituto Galego de promoción Económica (Igape) - Teléfono: 902 300 903
www.igape.es ou informa@igape.es

Co fin de prestar asistencia na formalización do cuestionario, o Igape pon a disposición do interesado o seu Servizo de Atención Telemática (números de teléfono 902 300 903 ou 981 54 11 47).

14. OBSERVACIÓNS

Procedemento de adhesión das entidades colaboradoras:

- a) O representante legal da entidade deberá cubrir o formulario destinado a tal fin (procedemento IG167) no enderezo ww.tramita.igape.es no espazo denominado Cumprimentación de cuestionarios.
- b) Deberá presentar nalgunha oficina de rexistro do Igape a solicitude xerada pola aplicación.
- c) A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:
 - a. Copia da escritura de constitución e estatutos e, se é o caso, das posteriores modificacións.
 - b. Copia do poder de representación do asinante.
 - c. Copia da licenza de actividade.
 - d. Orixinal do certificado de conta bancaria en que se realizarán os ingresos do Igape para a entidade.

Todas as copias dos documentos referidos nos parágrafos precedentes achegaranse debidamente cotexadas.

As entidades que xa fosen declaradas colaboradoras do Plan Remóvete no exercicio 2009 e que desexen seguir coa citada colaboración, terán que cubrir o formulario establecido no artigo 6.3 anterior e presentar nalgunha oficina do Igape a solicitude xerada pola aplicación (anexo I) acompañada dos documentos citados no antedito artigo 6.3 que tivesen variado con respecto á convocatoria do 2009.